



**EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS**

Praza Galicia 1  
Teléfono: 981 77 00 11  
Fax: 981 77 65 29  
[www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

**ANUNCIO.**

**PROBA TIPO TEST**

**CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE FUNCIONARIOS DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR**

**RESPOSTAS CORRECTAS**

**1. O domicilio da persoa é inviolable. Por iso, a entrada ou rexistro no mesmo deberá facerse:**

- a) Por resolución xudicial ou con consentimento do titular.
- b) Por resolución administrativa ou resolución xudicial.
- c) Por resolución xudicial e con consentimento do titular

**2. O Estatuto de Autonomía de Galicia consta de:**

- a) 6 títulos, 4 disposicións adicionais e 9 disposicións transitorias.
- b) Título preliminar, 5 Títulos, 4 disposicións adicionais e 9 disposicións transitorias.
- c) Título preliminar, 5 Títulos, 4 disposicións adicionais e 1 disposición final.

**3. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que deberá acreditarse a representación:**

- a) Para todos os actos que os particulares realicen ante as Administracións Públicas.
- b) Para formular solicitudes, interpor recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa.
- c) Para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpor recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa.

**4. Contra a resolución dun recurso de alzada que recurso poderase interpor?**

- a) O recurso potestativo de reposición xa que non se esgota a vía administrativa.
- b) O recurso contencioso-administrativo en todo caso.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



**EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS**

Praza Galicia 1  
Teléfono: 981 77 00 11  
Fax: 981 77 65 29  
[www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

c) Non caberá outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1.

**5. Non é correcto dicir que o art. 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas:**

- a) Os empregados públicos, en todo caso.
- b) As persoas xurídicas, en todo caso.
- c) As entidades sen personalidade xurídica, en todo caso.

**6. O arquivo dos documentos correspondentes a procedementos administrativos xa iniciados antes da entrada en vigor da Lei 39/2015:**

- a) Rexeranse polo disposto na normativa anterior.
- b) Rexeranse polo disposto na presente norma.
- c) Rexeranse indistintamente por unha ou outra norma.

**7. As notificacións dos actos administrativos practicaranse:**

- a) Preferentemente por medios físicos.
- b) Preferentemente por medios electrónicos e, en todos caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.
- c) Sempre por medios electrónicos para as persoas físicas.

**8. Son entidades locais territoriais:**

- a) As áreas metropolitanas.
- b) As mancomunidades de municipios.
- c) As provincias.

**9. Necesítase o voto favorable no pleno da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para:**

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



**EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS**

Praza Galicia 1  
Teléfono: 981 77 00 11  
Fax: 981 77 65 29  
[www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

- a) A modificación do Regulamento orgánico propio da Corporación.
- b) A aprobación definitiva do orzamento municipal.
- c) A aprobación das ordenanzas fiscais municipais.

**10. Para a válida constitución do Pleno dun órgano colexiado será necesario:**

- a) Un terzo do número legal de membros da corporación.
- b) A metade do número legal de membros da corporación.
- c) Os dous terzos do número legal de membros da corporación

**11. Quen integran o Concello?**

- a) O Alcalde e a Xunta de Goberno.
- b) O Alcalde e os Tenentes de Alcalde.
- c) O Alcalde e os Concelleiros.

**12. En que casos pode prescindirse da existencia de crédito suficiente na tramitación dun expediente segundo a Lei de contratos do sector público?**

- a) En contratos menores en que o valor estimado sexa inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
- b) En contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público.
- c) En contratos nos que a Administración teña que actuar de maneira inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional.

**13. O art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que a aprobación das Ordenanzas locais requirirá:**

- a) Sempre aprobación inicial e definitiva polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de dez días.
- c) Aprobación inicial polo Pleno.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



**EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS**

Praza Galicia 1  
Teléfono: 981 77 00 11  
Fax: 981 77 65 29  
[www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

**14. Os Concellos esixirán, de acordo con o establecido no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, o seguinte imposto:**

- a) Imposto sobre Actividades Económicas.
- b) Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- c) Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

**15. Os créditos autorizados teñen carácter:**

- a) Potestativo e vinculante.
- b) Non limitativo e vinculante.
- c) Limitativo e vinculante.

**16. A base impositiva das contribucións especiais está constituída, como máximo,**

- a) polo 80 por cento do custo que a entidade local soporte pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos.
- b) polo 90 por cento do custo que a entidade local soporte pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos.
- c) polo 75 por cento do custo que a entidade local soporte pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos.

**17. De acordo con o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) Como se denomina a progresión do grao, categoría, chanzo ou outros conceptos análogos sen necesidade de cambiar de posto de traballo?**

- a) Carreira vertical.
- b) Carreira horizontal.
- c) Promoción interna horizontal.

**18. A Real Decreto Lei 29/2020, do 29 de setembro, polo que se engade o art. 47 bis, ao texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, dispón:**

- a) O teletraballo terá, preferentemente, carácter voluntario.
- b) A Administración proporcionará ás persoas que traballen nesta modalidade, os medios

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



**EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS**

Praza Galicia 1  
Teléfono: 981 77 00 11  
Fax: 981 77 65 29  
[www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

tecnolóxicos necesarios para a súa actividade.

c) As dúas respostas anteriores son correctas.

**19. A lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, dispón que:**

a) Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas.

b) Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de dezaioito semanas ininterrompidas.

c) Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de dezaseis semanas ininterrompidas.

**20. De acordo con o artigo 116 da LCSP, o expediente de contratación iníciase:**

a) Coa aprobación do prego.

b) Motivando a necesidade de realizar o contrato.

c) Coa convocatoria da licitación.

**21. Segundo o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, as multas impostas polas entidades locais teñen a consideración de:**

a) Ingreso de dereito privado.

b) Ingreso de dereito público.

c) Ingreso tributario.

**22. A igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, segundo a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de Marzo, para a Igualdade efectiva entre homes e mulleres:**

a) Unha declaración de intencións.

b) Un principio informador do ordenamento xurídico e, como tal, integrárase e observará na interpretación e a aplicación das normas xurídicas.

c) As respostas a) e b) son correctas.

**23. Cal dos seguintes non é un principio xeral da protección de datos de carácter persoal**

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



**EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS**

Praza Galicia 1  
Teléfono: 981 77 00 11  
Fax: 981 77 65 29  
[www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

**na administración pública?**

- a) Exactitude.
- b) Imparcialidade.
- c) Confidencialidade.

**24. Cal das seguintes obrigacións non corresponde ao traballador en materia de prevención?**

- a) Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados polo empresario, de acordo con as instrucións recibidas deste.
- b) Utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes ou que se instalen nos medios relacionados coa súa actividade ou nos lugares de traballo nos que esta teña lugar.
- c) Adquirir os equipos de protección individual que lle corresponda.

**25. Nunha formula de LibreOffice Calc, temos unha referencia a unha cela do tipo \$F\$6, Que tipo de referencia é?**

- a) Relativa.
- b) Absoluta.
- c) Cambiable.

**26. Canto á notificación dos actos administrativos, toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de....**

- a) 10 días a partir da data en que o acto sexa ditado.
- b) 20 días a partir da data en que o acto sexa ditado.
- c) 15 días a partir da data en que o acto sexa ditado.

**27. Segundo o EBEP hai dous tipos de funcionarios:**

- a) De carreira e interinos.
- b) Indefinidos ou temporais.
- c) Fixos e eventuais.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



## EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia 1  
Teléfono: 981 77 00 11  
Fax: 981 77 65 29  
[www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

### 28. Con respecto aos órganos administrativos:

- a) Non poderán crearse novos órganos que supoñan duplicación doutros xa existentes si ao mesmo tempo non se suprime ou restrinxen debidamente a competencia destes.
- b) Poderán crearse novos órganos que supoñan duplicación doutros xa existentes si ao mesmo tempo non se suprime ou restrinxen debidamente a competencia destes.
- c) Non poderán crearse novos órganos que supoñan duplicación doutros xa existentes si ao mesmo tempo suprímese ou restrinxen debidamente a competencia destes.

### 29. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, entenderase rexeitada cando transcorran desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido:

- a) 15 días hábiles.
- b) 10 días hábiles.
- c) 10 días naturais.

### 30. A creación ou suspensión de municipios, así como a alteración de termos municipais requirirán en todo caso:

- a) Audiencia do resto de municipios de provincia.
- b) Ditame do Consello de Estado ou do órgano consultivo superior dos Consellos de Goberno das Comunidades Autónomas, si existise.
- c) Informe da Deputación Provincial.

## RESERVA

### R1. A Real Decreto Lei 29/2020, do 29 de setembro, polo que se engade o art. 47 bis, ao texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, dispón:

- a) O teletraballo terá, preferentemente, carácter voluntario.
- b) A Administración proporcionará ás persoas que traballen nesta modalidade, os medios tecnolóxicos necesarios para a súa actividade.
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.

### R2. Segundo o art. 17 da Constitución Española, o procedemento de "habeas

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



**EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS**

Praza Galicia 1  
Teléfono: 981 77 00 11  
Fax: 981 77 65 29  
[www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

**corpus” regúlase por:**

- a) Regulamento.
- b) Lei orgánica.
- c) Lei.

**R3. A publicación dos actos administrativos que o requiran, realizarase:**

- a) En todo caso, no Boletín Oficial da Provincia
- b) En todo caso, no Diario Oficial da Comunidade Autónoma que corresponda.
- c) No diario oficial que corresponda, segundo cal sexa a Administración da que proceda o acto a notificar.

**RESPOSTAS CORRECTAS**

- 1. a)
- 2. Anulada, substituída pola R2.
- 3. c)
- 4. c)
- 5. a)
- 6. a)
- 7. b)
- 8. c)
- 9. a)
- 10. a)
- 11. c)
- 12. c)
- 13. c)
- 14. a)
- 15. c)
- 16. b)
- 17. b)
- 18. b)
- 19. a)
- 20. b)
- 21. b)
- 22. b)
- 23. b)
- 24. c)
- 25. b)

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*





**EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS**

Praza Galicia 1  
Teléfono: 981 77 00 11  
Fax: 981 77 65 29  
[www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

- 26. a)
- 27. a)
- 28. a)
- 29. c)
- 30. b)

**RESERVA**

R1. Anulada. Enunciado coincidente coa pregunta nº. 18

R2. c)

R3. c)

Concédesse un prazo de tres días hábiles, desde a publicación do anuncio na páxina web municipal e no tabuleiro de edictos da Corporación, a efectos de reclamacións.

Betanzos, a 30 de marzo de 2021

O presidente del tribunal  
Daniel Pereiro Cachaza